



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

A Ulloa, xaneiro de 2017

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

I.- INTRODUCCIÓN:

Un grupo de vinte e unha persoas vinculados á Comarca da Ulloa constituíron o 19 de decembro de 2015 na palleira da coñecida como Casa de Laxe, lugar de Chorexe, Parroquia de Pidre (Palas de Rei) o Instituto de Estudos Ulloáns (IEU).

A principal pretensión dos fundadores desta asociación é a de preservar investigar e divulgar o patrimonio da Ulloa.

A Asociación foi inscrita con carácter definitivo no Rexistro Central de Asociacións con número 2016/019973.

Ten o seu domicilio social en Galicia, Praza do Conselleiro Fernando Salgado nº2, Monterroso, Lugo. A súa URL é www.ieu.gal e a súa conta de correo electrónico institutoulloa@gmail.com.

A Xunta de Goberno está integrada por Xosé Francisco Pardo Teijeiro (Director), Jesús Otero Pereiras (Vicedirector), José Miguel de Castro Blanco (Secretario), Xosé Luís Santiso García (Administrador) e doce vogais.

II.- LOGO DO IEU:

O logo do IEU foi deseñado pola firma Estudio Du-aS. Presentáronse varias opcións, todas elas utilizando a cor verde coma cor corporativa e utilizando unha tipografía de gran orixinalidade.

III.- PRESENTACIÓN OFICIAL:

O 27 de marzo o Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) presentouse publicamente nun acto celebrado no parladoiro da empresa Arqueixal, aldea de Santiago de Albá, Palas de Rei, e tivo notable repercusión nos medios de comunicación.

IV.- PRESENZA EN INTERNET:

Desde a súa constitución sempre foi desexo do IEU ter presenza en internet, para o que se adquiriu o dominio ieu.gal (óptase por un dominio punto gal xa que consideramos como parte do obxecto social a defensa e divulgación do noso idioma e identidade galega). A empresa ADAWEB diseñou a páxina web e iniciáronse publicacións nas redes sociais, en concreto en na red social Facebook.

- “Google Analytis” informa de 8.632 visitas a páxina web a longo do 2016, coincidindo a maioría delas con publicacións na rede social Facebook.
- A día 31 de decembro o perfil de Facebook ten un total de 500 seguidores.

V.- SEDE ADMINISTRATIVA

O antigo edificio do Centro de Saúde de Monterroso será a sede administrativa do IEU.

O Concello de Monterroso asinará un convenio co Instituto de Estudos Ulloáns polo que cederá o uso de parte do edificio situado na Praza do Conselleiro Fernando Salgado nº 2, para que estableza nel a súa sede administrativa. Aínda que esta será a sede administrativa permanente, o IEU confía en desenvolver actividades culturais e de divulgación noutras localizacións emblemáticas da Comarca.

A 31 de decembro unha Escola Taller está a proceder á súa remodelación e está prevista a súa posta en marcha para o primeiro trimestre de 2017.

VI.- POLITICA DE SOCIOS

O IEU foi creado por 21 persoas (socios fundadores).

A 31 de decembro o número de socios ascende a 51, incorporándose como socios institucionais o concello de Palas de Rei e o de Monterroso e como socios protectores as empresas Granjas Campomayor e Jim Sport.

É intención da Xunta de goberno aumentar sensiblemente a base social para o ano 2017.

VII.- ACTIVIDADES 2016:

O IEU estrutúrase en dez seccións e as actividades de cada unha delas son as que seguen:

1.- HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

Xornada previa a Feira dos Bicos de Monterroso (30 de xullo) : Conferencia, “A feira de Monterroso no decurso da historia”, relatores María José Alvite e Fernando Salgado. Actuación musical de Pablo Pardo e Rudi Esteban.

2.- FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONÍMIA

Conmemoración do centenario do nacemento do poeta Lorenzo Varela en colaboración co Concello de Monterroso:

- Convocatoria do Certame literario-pedagóxico sobre o poeta monterrosino. Esta primeira edición do certame literario Lorenzo Varela presentáronse trece traballos, dous na categoría de poesía en castelán e once na de galego.
- Xornada do 3 de decembro: Recital poético no Centro Penitenciario de Monterroso con asistencia do Presidente da Real Academia da Lingua Galega, Xesús Alonso Montero e acto de entrega de premios e conferencias no Centro Sociocultural de Monterroso de Xosé Carlos López Bernárdez (Profesor e crítico de arte) “Lorenzo Varela e as artes plásticas”, José Anxo García López (profesor da Universidade de Alacante) “O estado da investigación literaria sobre Lorenzo Varela” e Antón Costa Rico “Lorenzo Varela e as misións pedagóxicas”. O xornalista e biógrafo do poeta, Fernando Salgado, presentou o vídeo de Juan Salgado “Tres poetas” e proxectouse o documental “Exilios, Lorenzo Varela” de Xan Leira.

3.- ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS. GASTRONOMÍA

Colaboración na web de Miguel Vila (8 de abril) , crítico gastronómico (www.colineta.com) e director da revista “Ben bo”. “O tradicional queixo picante de Antas de Ulla”.

4.- CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Ciclo de conferencias “Vivir Saudablemente”, en colaboración co Concello de Antas de Ulla, celebradas na Casa dá Cultura e cunha asistencia de público total de aproximadamente 200 persoas.

- 16 de abril : “Coidemos o noso cerebro” Dra. Carmen Rodríguez do Toro, psiquiatra Xefa da Sección do Servizo de Psiquiatría do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.
- 7 de maio: “Documento de instrucións previas. Como ser autónomo ao final da vida” Dr. Bernardino Pardo Teijeiro, médico ATT Primaria de Lugo.
- 4 de xuño : “Coidarse para coidar: Recursos para o coidado saudable dos nosos maiores” Patricia Vázquez Batán, psicóloga.
- 2 de xullo: “Medicalizando a vida. En que axudan os médicos”. Dra. Dolores Basanta González

5.-XEOGRAFÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO, PAISAJISMO, ECONOMÍA

Conferencia: “Xeografía e futuro económico da Ulloa” Rubén Camilo Lois, Catedrático da USC, 27 de marzo. Parladoiro da empresa Arqueixal (Santiago de Albá, Palas de Rei).

6.- AUDIOVISUAL

A páxina de Facebook “Fotos antigas de Palas de Rei” (con máis de 300 fotos publicadas) o 1 de xaneiro pasou a ser xestionada polo IEU. A 31 de decembro tiña 860 seguidores.

Algunhas destas fotos foron incorporadas á páxina web, así como outras de Monterroso e Antas de Ulloa, ligazóns a vídeos da feira de Santos, o Castelo de Pambre, a adaptación cinematográfica feita por Gonzalo Suárez da novela de Emilia Pardo Bazán “Os Pazos de Ulloa”, etc.

7.- BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

8.- SALA DE EXPOSICIÓNS, VISITAS GUIADAS E VOLUNTARIADO

- Visita guiada ao Castelo de Pambre: O venres 11 de decembro de 2015 os membros do Instituto de Estudos Ulloáns realizaron unha visita ao Castelo de Pambre guiados polo arquitecto Xurxo Salvador, responsable, xunto co tamén arquitecto Mario Crecente, da súa restauración.
- Escultura pública: Fermín del Amo, escultor madrileño afincado en Palas de Rei, doou en marzo de 2016 ao IEU catro pezas da súa colección particular. As esculturas, segundo desexo do escultor foron repartidas entre os tres concellos que integran a Comarca da Ulloa. A cuarta quedará en exposición permanente na futura sede do IEU. Cada unha delas levará unha placa indicando o título, o ano de realización e o texto “Escultura de Fermín del Amo, realizada na Ulloa para a Ulloa. Cedida a (Palas de Rei / Monterroso /Antas de Ulla) polo Instituto de Estudos Ulloáns”.

- “As Nosas Señoras do Camiño”: Replicas de dez virxes románicas realizadas por Ana Xastre. Sala de exposicións do Castelo de Pambre (Palas de Rei, Lugo) nos meses de outubro, novembro e decembro de 2016 (prorrogada para o ano 2017). Colaboran Xacobeo e Concello de Palas de Rei. Déuselle publicidade na páxina web e en redes sociais e enviouse por correo postal a oitenta asociacións relacionadas co camiño de Santiago de toda España e un “mailing” a cen de carácter internacional especialmente de Europa e América. Estímase que a exposición foi visitada por máis dun milleiro de persoas.

9.- MUSEO ETNOGRÁFICO DA ULLOA

Visita ao Museo parroquial de Monterroso: O 30 de xaneiro os socios do Instituto de Estudos Ulloáns visitaron o Museo Parroquial de Monterroso convidados polo seu fundador e director, o sacerdote D. Carlos Méndez Vázquez.

10.- ECONOMÍA

VIII.- LABOR EDITORIAL

A) Catálogo da exposición “As Nosas Señoras do Camiño”: Edición de 250 exemplares con fotografías de Patricia Coucheiro, tradución ao inglés de Judith Porto e textos de:

Presentación: Xosé Francisco Pardo Teijeiro

Prólogo: As Nosas Señoras de Ana Sastre. Xosé Lois García

Catálogo:

Virxe da Valvanera. María José Gómez Alvite
 Santa María de Meilán. María José Gómez Alvite
 Virxe con Neno ou Epifanía. María José Gómez Alvite
 A Nosa Señora das Neves. María José Gómez Alvite
 Virxe Abridgeira. María José Gómez Alvite
 Virxe da Celigueta. Carlos Vázquez García
 Virxe da Antigua. Cristina Varela Cadahía
 Virxe co Neno. Jesús Otero Pereiras
 Virxe do Cebreiro. J. Ángel Vázquez Mourenza
 A Nosa Señora de Pesqueiras. Xosé Lois García

B) CAIRON (Boletín Anual): O Consello de Redacción está integrado por Germán Fente, María José Gómez Alvite, Fernando Salgado e Daniel Salgado. Ao longo de 2016 foron achegados os artigos que darán contido á publicación. Está prevista a colaboración da Deputación de Lugo para á súa edición.

Colaboran:

1. “Lamento a situación de ruína á que chegou Pambre, pero as intervencións públicas no patrimonio privado non son doadas”.

- Entrevista con Xurxo Salvador, un dos dous arquitectos da restauración do castelo de Pambre. Autor: Daniel Salgado.
2. A indisciplina urbanística na Ulloa. Autora: Sabela Pardo.
 3. A transformación da casa vivenda tradicional no caso de estudo de Vilar de Donas. Subtítulo: Achea para a caracterización da arquitectura popular en Galicia. Autora: Divina Pérez Viña.
 4. As cabeceiras, patrimonio etnográfico da Ulloa. Autora: Cristina Varela Cadahía.
 5. Achados dunha construción románica pertencente a unha orde militar en Santa María de Marzán. Autora: María José Gómez Alvite.
 6. Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! O primeiro de xullo de 1790 estalou na feira de Monterroso a principal revolta antifiscal do Antigo Réxime. O señor de Podente, don Manuel Bernardo de Rivera, foi o instigador dos motíns que se espallaron por media Galicia. Autor: Fernando Salgado.
 7. A aurora do porvir chega dende América. As escolas da emigración promovidas na Ulloa por emigrantes radicados en Cuba no primeiro terzo do século XX. Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López.
 8. Estado actual da investigación sobre Lorenzo Varela e un poema esquecido. José Ángel García López.
 9. Manuel García Blanco e a construción novecentista dunha didáctica da lingua galega. Xulio Pardo de Neyra.
 10. O Mintireiro Verdadeiro. José de Castro.
 11. O último da Lira. Pablo Pardo.

Patricia Coucheiro achega unha serie de fotografías arredor da temática da muller e o traballo que puntúan o corpo da revista.

C) Homenaxe a Lorenzo Varela:

Recompilación dos traballos premiados no certame literario Lorenzo Varela. A súa edición en papel está prevista para o primeiro trimestre do ano 2017 en colaboración co Concello de Monterroso.